




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



RESOLUCIÓN DE DESENVOLVEMENTO DO PLANO DE ESTUDIO DA LICENCIATURA DE ADMINISTRACIÓN E DIRECCION DE EMPRESAS DA FACULTADE DE ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS DO CAMPUS DE LUGO

Mediante resolucións do 6 de maio de 2002, da Universidade de Santiago de Compostela, públícase a modificación do plano de estudos conducente ó título de Licenciado en Administración e Dirección de Empresas (BOE do 24 de maio) homologado por acordo, do 7 de marzo de 2002, da Comisión Académica do Consello de Universidades.

As Normas de Xestión Académica determinan que as interpretacións dos planos de estudio son competencia do Rector polo que

RESOLVO

Primeiro.- As táboas de adaptación do plano de estudio de Administración e Dirección de Empresas (en diante ADE) de 1995 ó plano de 2002 son as que figuran como ANEXO a esta resolución.

Segundo.- As materias que teñan superadas os alumnos no plano de estudio de 1995 de ADE, que non teñan equivalencia no plano do 2002 adaptaranse como créditos optativos ou de libre elección co mesmo nome e número de créditos.


Terceiro.- No relativo á ordenación temporal dos estudos as materias do plano de estudos do 2002 troncais, obrigatorias e optativas de ADE están vinculadas a ciclos. A vinculación a cursos e cuatrimestres é orientativa para os alumnos.

Cuarto.- O plano de estudio de 2002 implántase nun só ano académico, quedando a extinguir, sen docencia, o plano de estudos de ADE DE 1995, sendo o ano académico 2004/2005 o último curso con dereito a exame, segundo establecen as Normas de Xestión Académica da USC.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2002

O RECTOR

(P.D.r.r. do 6 de setembro de 2002)



O VICERRECTOR DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN

Eduardo García-Rodeja Gayoso

Sr. Vicerrector de Organización Académica e Profesorado, Sr. Secretario Xeral, Sr. Decano da Facultade de Administración e Dirección de Empresas, Sr. Secretario Xeral Adxunto, Sra. Xefa da Asesoría Xurídica, Sra. Xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica; Sr/as. Xefe/as das Unidades de Xestión Académica, Sr. Responsable Académico do SEIN, Sr. Director do COIE.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXO TÁBOA DE ADAPTACIÓNS

PLANO 1995	PLANO 2002
401 Auditoría, Análise e Consolidación de Estados Contables	401 Contabilidade Xeral e Analítica
402 Dirección Comercial	402 Dirección Comercial
403 Dirección Financeira	403 Dirección Financeira
404 Econometría	404 Econometría
421 Administración de Empresas	411 Admininstración de Empresas
412 Réxime Fiscal da Empresa	412 Réxime Fiscal da Empresa
501 Dirección Xeral e Planificación Estratéxica	501 Direcc. Estratéxica e Política de Empresa
521 Comercialización Internacional	511 Comercialización Internacional
522 Contabilidade de Xestión	512 Contabilidade de Xestión
523 Planificación e Xestión Financeira	513 Estratexia e Xestión Financeira
531 Análise e Valoración de Proxectos	522 Análise e Valoración de Proxectos
532 Comercializ. de Productos Agroindustriais	523 Comercializ. de Productos Agroindustriais
533 Contabilidade de Empresas de Economía Social	525 Contabilidade de Empresas de Econ. Social
534 Creación e Dirección de Pequenas e Medianas Empresas	528 Dirección de Pequenas e Medianas Empresas
536 Econometría Aplicada	529 Dirección de Recursos Humanos e Flexibilidade Empresarial
538 Estructura Económica de Galicia	4,5 créditos optativos ou de libre elección
539 Financiación do Sector Agroindustrial	4,5 créditos optativos ou de libre elección
540 Loxística Comercial	4,5 créditos optativos ou de libre elección
541 Loxística Empresarial	4,5 créditos optativos ou de libre elección